

ACTA Nº 4/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS

En Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do día 11 de xullo de 2007, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

ASISTENTES:

Presidente: Victor Gallego Vincent, Subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Manuela Guillán de Dios

Secretaría Xeral da Presidencia: Eva Sanín Mariño

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Beatriz Rodríguez Fraga

C. de Economía e Facenda: José Carlos Carid Fernández.

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María Chas de la Calle.

C. de Educación e Ordenación Universitaria: Marina García Valeiras

C. de Innovación e Industria: José Carlos Fagín Taboada

C. Cultura e Deporte : Miguel Angel Ares Casal

C. de Traballo: Don Víctor Tubío Villar.

Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:

CC.OO: Pedro Méndez Gil e Oscar Briones Gamarra

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Bahamonde e Carmen Noya Castro. Suplente: José Carlos García Bouzas.

Secretaria: Raquel Souto García, xefa do servizo de xestión da Dirección xeral da Función Pública.

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, das actas núm. 2 e 3/2007 correspondentes ás sesións anteriores.

Punto segundo: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo subalterno da Xunta de Galicia (grupo E).

Punto terceiro: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Punto cuarto: Rogos e preguntas.

Aberta a sesión, como cuestión previa, o Presidente da Mesa Sectorial da lectura ao escrito presentado pola organización sindical CIG de data 10 de xullo de 2007, reiterando que se retira de calquera mesa de negociación oficial coa Administración da Xunta de Galicia, mentras non sexa recibida polo Presidente e o Vicepresidente da Xunta, se ben participará nas mesas nas que se negocie a convocatoria do proceso selectivo para os grupos D e E de persoal funcionario sempre

que o proceso de selección sexa o concurso-oposición. (como anexo da acta engádesse o escrito presentado).

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, das actas núm. 2 e 3/2007 correspondentes ás sesións anteriores.

Foi lida a acta nº 2/2007, sendo aprobada coas seguintes observacións da representación da organización sindical CCOO:

En relación co punto segundo: Proposta e modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible, manifestaron que os postos de directores de parques naturais sexan de concurso e non de libre designación, tendo en conta que no proxecto de lei que modifica a Lei da Función Pública de Galicia deixan de ser de libre designacións os postos de nivel 28.

En relación co punto terceiro sobre o convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre a mobilidade interadministrativa, manifestaron que no momento actual non resulta operativo por canto o proxecto de lei que modifica a Lei da Función Pública de Galicia non recolle a posibilidade de integración dos funcionarios procedentes doutras Administracións, e tampoco están de acordo con que todos os postos de libre designación estén abertos a outras Administracións, debendo limitarse cunha porcentaxe igual que para os postos de concurso.

Foi lida a acta nº 3/2007, sendo aprobada por unanimidade.

Punto segundo: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo subalterno da Xunta de Galicia (grupo E).

O presidente da mesa sectorial manifesta que esta convocatoria foi vista nas reunións previas coas organizacións sindicais que se celebraron na Dirección Xeral da Función Pública.

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- Nas reunións previas manifestaron a súa postura de que o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, que non recolle a orde da convocatoria, e de non cambiarse o sistema selectivo votan en contra da convocatoria.
- Agradecen que se recolleran na convocatoria algunhas correccións técnicas que manifestaron nas reunións previas.
- Manifestan que o temario habería que modificalo, e que se declaren exentos do pagamento das taxas aos desempregados.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

- Nas reunións previas manifestaron que o sistema selectivo debe ser o concurso-oposición.
- Respecto os exercicios, manifestan que debe ampliarse o tempo de duración do primeiro exercicio, que se reduce con respecto a convocatorias anteriores.
- Manteñen que a penalización de 1 pregunta correcta por cada 3 incorrectas, debe establecerse en todas as convocatorias.

- Consideran que o temario está desfasado e que é moi amplo, queren que se acote claramente o que se vai preguntar, e que se recolla no temario algún tema en concreto sobre as funcións deste corpo, tendo en conta o temario de ordenanzas de persoal laboral.
- Manifestan que a pesar de que na convocatoria se fai referencia ao Estatuto básico do empregado público, non se recolla nada no temario.

*Toma a palabra o Presidente da Mesa Sectorial, que sinala que se estudarán as propostas efectuadas de cara á Comisión de Persoal, que se realizará o vindeiro luns día 16 de xullo.

* Respecto á exención de taxas para os desempregados, a Subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal, Eduarda Varela, manifiesta que os supostos de exención de taxas están recollidos expresamente na Lei de Taxas.

Punto terceiro: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións: Reiteran o alegado no punto segundo, e consideran que debe establecerse a penalización de por cada 3 preguntas incorrectas se desconte unha correcta, manifestando que o temario habería que modificalo máis profundamente que no grupo E.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións: Reiteran o alegado no punto segundo e que se estableza a penalización de por cada 3 preguntas incorrectas se desconte unha correcta, insistindo en que se debe modificar o temario e ampliar o tempo de duración dos exercicios.

*Toma a palabra o Presidente da Mesa Sectorial, e sinala que dada a premura do tempo non se pode neste momento facer unha modificación en profundidade dos temarios, se ben vaise constituir un grupo de traballo ou comisión na que participarán representantes da D.X da Función Pública, das Consellerías e das organizacións sindicais para facer uns temarios máis acordes coas funcións dos correspondentes corpos de funcionarios.

* Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, manifestando que con respecto aos temarios hai que ter en conta o nivel de titulación que se pide para o acceso aos distintos corpos e non o nivel que poidan ter os opositores.

Punto cuarto: Rogos e preguntas.

*A representación da organización sindical CCOO, pregunta cando van tomar posesión os axentes forestais que superaron o proceso selectivo.

- A subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal, Eduarda Varela, manifesta que hai que ver en que fase está o proceso selectivo.

*A representación da organización sindical CSI-CSIF, manifesta que coa entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público, poden contratarse interinos por acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses, constándolle que na Delegación da Vicepresidencia en Lugo estanse a

facen contratos laborais por acumulación de tarefas, entendendo que debe aplicarse xa o Estatuto para non perxudicar aos integrantes das listas.

- A representante da Vicepresidencia, manifesta que desconoce a qué contratos se refiren, e en todo caso, sería necesario o informe da D.X da Función Pública.
- A subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal, Eduarda Varela, manifesta que se estudiará o procedemento.

*A representación sindical CSI-CSIF, pregunta cando se constituirá a próxima Mesa Sectorial.

- O Presidente da Mesa Sectorial indica que están pendentes os datos do Ministerio de Traballo e da Consellería de Traballo sobre as eleccións sindicais. En canto se teñan estes informes, seguramente no mes de setembro, se constituirán as novas mesas (xeral, sectorial, persoal docente...).

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as once e media horas do día da data.

Vº e praxe,

Dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Vincent

Raquel Souto García